



PROGRAMACIÓN E.F. 2022-23

CEIP PLURILINGÜE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
(A CORUÑA)

ELENA BAULUZ – YAGO ARANGO
MESTRES DE EDUCACIÓN FÍSICA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	3
3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR CURSO	6
4. OBXECTIVOS DA ETAPA E DA ÁREA	17
5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE:	20
• GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN,	
• TEMPORALIZACIÓN,	
• PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
• UNIDADES DIDÁCTICAS TRIMESTRAIS E TEMPORALIZACIÓN MENSUAL POR BLOQUES DE CONTIDOS	
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.	46
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	47
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	48
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	52
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	52
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	53
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	55
13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	57

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A área de Educación Física ten como finalidade principal a **competencia motriz** dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente.

Na **educación primaria**, o alumnado ten que explorar o seu potencial motor á vez que vai desenvolver todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades van axudar, ademais, a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é **fundamental para** o desenvolvemento das Competencias Clave:

- Conciencia e Expresións Culturais.
- Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.
- Aprender a Aprender.
- Competencia Dixital.
- Competencia en Comunicación Lingüística.
- Matemática e Científico Tecnolóxica.
- Social e Cívica.

Conciencia e Expresións Culturais.

A Educación Física achégase a esta competencia apreciando a parte artística de certas execucións motrices, potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significan unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas; e enténdese como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Sentido de iniciativa e Espírito Emprendedor.

A Educación Física axuda á consecución desta competencia na medida en que empra ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións en que debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva. E tamén o fai cando se lle da protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

Aprender a Aprender.

Contribúese mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motor, desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación.

Competencia Dixital.

Por outro lado, esta área colabora, desde idades temperás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. O alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC. Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Comunicación Lingüística.

A área tamén contribúe, como o resto das aprendizaxes, á adquisición desta competencia, ofrecendo grande variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que a propia área aporta.

Competencia Matemática e Científica Tecnolóxica.

Certas actividades que se realizan contribúen ao desenvolvemento desta competencia:

*Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.

*A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.

*A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)

* Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

Competencia Social e Cívica.

A nosa área é fundamental para coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas. Prepara ao alumnado para o exercicio activo da cidadanía e o respecto dos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES:

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense **trece criterios de avaliación que concrétnanse nos estándares de aprendizaxe avaliáveis**. Estes, permitirán definir os resultados da aprendizaxes, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e poder facer na área de Educación Física. Van estar graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

2º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
	BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS
	▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
	▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.
	▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
	▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
	▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.

2º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	
▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	
▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	
▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	
▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	
▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	
▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	
▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	
▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	
▪ EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	
▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.	
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES	
▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	
▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.	

2º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
	BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
	BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
	BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
	<ul style="list-style-type: none">▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.

2º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
	▪ EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.
	▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
	▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.
	▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

4º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	
	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
	EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.

EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.

EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.

EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.

EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.

EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.

EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.

EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.

EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.

EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.

EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.

EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.

EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.

EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.

EFB4.2.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.

EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.

EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).

EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.

EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.

EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.

EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.

EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.

EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.

EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.

EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.

EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

6º CURSO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	
EFB1.1.1.	Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
EFB1.1.2.	Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.
EFB1.1.3.	Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
EFB1.1.4.	Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
EFB1.2.1.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
EFB1.2.2.	Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.
EFB1.2.3.	Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
EFB1.3.1.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EFB1.3.2.	Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
EFB1.3.3.	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EFB1.3.4.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.

EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.

EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.

EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.

EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.

EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.

EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.

EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.

EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).

EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.

EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.

EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.

EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.

EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.

EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade

EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.

EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.

EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.

EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

4. **OBXECTIVOS:**

A educación primaria, a través dos **obxectivos da etapa**, vai contribuír a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a.** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b.** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c.** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d.** Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e.** Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f.** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g.** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h.** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i.** Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j.** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k.** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l.** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m.** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n.** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes.
- o.** Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Na nosa área traballaremos os seguintes **obxectivos da área:**

- 1.** Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
- 2.** Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- 3.** Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
- 4.** Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
- 5.** Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
- 6.** Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- 7.** Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.
- 8.** Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

9. Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Segundo curso

SEGUNDO	BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA		
Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe que o importante non é o que pensan os demais, senón o que sinte. 	<p>TODO O CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica un xogo que lle guste. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ escoita activa na resolución. ▪ Mostra respecto durante a resolución. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acepta as correccións dos compañeiros/as e da mestra. 		

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza o bitácora de E.F como referencia. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fai o traballo escrito con interese. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Defende o seu punto de vista mostrando respecto aos demais. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostra gañas de xogar e aprender na clase. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xoga sen dificultade. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aséase ao final da sesión 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ofrécese a sacar e gardar o material da sesión. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non rexeita a ningún. 		

BLOQUE 2. IMAXE E PERCEPCIÓN			
Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non fai comentarios negativos sobre o corpo nin as habilidades dos demais. 	SETEMBRO OUTUBRO NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ PRODUCIÓNS ORAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñéceas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén o equilibrio en distintas situacións. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellora na súa adquisición 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Responde co seu corpo cando o necesita. 		
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES			
Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Móvese cun pe, con dous, con mans e pes, boca arriba, boca abaixo... e en diferentes situacións. 	<p>TODO O CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ RESOLUCIÓN DE EXERCICIOS ♦ RESOLUCIÓN DE CIRCUITOS ♦ REXISTROS AUDIOVISUAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Salta á pata coxa, pés xuntos, apoiando as mans primeiro, á vez... e en diferentes situacións. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lanza, recolle e golpea distintos obxectos con certa habilidade. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fai correctamente un volteo cara adiante. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contrae os músculos necesarios para manterse en situacións de desequilibrio sinxelas. 		
<p><u>BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS</u></p>			
<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Grao Mínimo de Consecución</p>	<p>Temporalización</p>	<p>Instrumentos Avaliación</p>

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa activamente nas propostas. 	<p>SETEMBRO OUTUBRO FEBREIRO MARZO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ RESOLUCIÓN DE EXERCICIOS ♦ RESOLUCIÓN DE CIRCUITOS ♦ REXISTROS AUDIOVISUAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. 			

♦ **BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Aséase voluntariamente ao final da sesión. 	<p>TODO O CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ RESOLUCIÓN DE CIRCUITOS ♦ RESXISTROS AUDIOVISUAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Soe traer merendas saudables. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Practica algunha actividade física nos recreos e polas tardes. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Intenta adiantarse aos posibles riscos antes de comezar a práctica. 		

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación
----------------------------------	-----------------------------------	------------------------	--------------------------------

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Comeza a pensar, non só xogar. 	<p>TODO O CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ PRODUCCIÓN ORAIS ♦ TRABALLOS ESCRITOS ♦ EXPOSICIÓN ORAIS ♦ RESOLUCIÓN DE EJERCICIOS ♦ RESOLUCIÓN DE CIRCUITOS ♦ REGISTROS AUDIOVISUAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Respecta as regras. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Practícaos nos recreos e no seu tempo libre. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Respecta os espazos naturais recollendo o lixo que atopa e coidando a fauna e a flora. 		

Cuarto curso

CUARTO	BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA		
Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe que o importante non é o que pensan os demais, senón o que sinte. 	<p>TODO O CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ PRODUCIÓNS ORAIS ♦ PRODUCIÓN ESCRITAS ♦ RESOLUCIÓN ACTIVIDADES ♦ RESOLUCIÓN CIRCUITOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica un xogo que lle guste. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ escoita activa na resolución. ▪ Mostra respecto durante a resolución. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acepta as correccións dos compañeiros/as e da mestra. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellora na súa autoestima. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza o bitácora de E.F como referencia. 		

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fai o traballo escrito con interese. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Defende o seu punto de vista mostrando respecto aos demais. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desfruta do xogo e minimiza as dificultades 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Intenta non recorrer ao adulto senón que intenta facelo sen axuda. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asíase ao final da sesión. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ofrécese a sacar e gardar o material da sesión. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sen a presenza do adulto. 		
<u>BLOQUE 2. IMAXE E PERCEPCIÓN</u>			
Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo de Consecución	Temporalización	Instrumentos Avaliación

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non fai comentarios negativos sobre o corpo nin as habilidades dos demais. 	<p>SETEMBRO OUTUBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA ♦ AUTOAVALIACIÓN (traballo, actitude, comportamento e esforzo) ♦ PRODUCCIÓN ORAIS ♦ RESOLUCIÓN ACTIVIDADES ♦ RESOLUCIÓN DE CIRCUITOS
